

obstáculos para que esta poida ser recoñecida en España e inscribirse no rexistro con tódolos efectos derivados desta inscrición.

Artigo único.

Engádesse un parágrafo final ó punto 5 do artigo 9 do Código civil co seguinte texto:

«A atribución pola lei estranxeira dun dereito de revogación da adopción non impedirá o recoñecemento desta se se renuncia a tal dereito en documento público ou por comparecencia ante o encargado do Rexistro Civil.»

Disposición transitoria única.

O disposto nesta lei será tamén de aplicación ás adopcións constituídas con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

11196 LEI 19/1999, do 18 de maio, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 6.479.998.329 pesetas, para compensalo déficit de explotación das liñas de Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE), correspondente ó exercicio de 1996. («BOE» 119, do 19-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario está destinado a completa-lo déficit de explotación dos Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE) do exercicio 1996, na medida en que o citado déficit foi superior ás subvencións de explotación percibidas pola entidade durante o dito exercicio.

O Decreto 584/1974, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto de ferrocarriles de vía estrecha (FEVE), no título VI do Estatuto regula o réxime financeiro da compañía, establecendo o artigo 58 que, se ó final do exercicio fose innecesaria a aplicación da totalidade dos créditos consignados no orzamento do Estado destinados a esta entidade, reintegrarase a diferenza ó Tesouro. Se, polo contrario, os créditos resultasen insuficientes segundo a liquidación de explotación, o Goberno xestionará o oportuno expediente de suplemento de crédito.

Polo tanto, co obxecto de completa-lo déficit de explotación do exercicio 1996, tramítase o presente crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. Concesión do crédito extraordinario.

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 6.479.998.329 pesetas á sección 17 «Ministerio de Fomento», Servicio 20 «Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes», programa 513B «Subvencións e apoio ó transporte terrestre», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 44 «A empresas públicas e outros entes públicos», concepto 444 «A FEVE, para compensalo déficit de explotación correspondente ó exercicio de 1996».

Artigo 2. Financiamento do crédito extraordinario.

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

11197 LEI 20/1999, do 18 de maio, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 12.355.000.000 de pesetas, para a realización de obras de infraestrutura do Ferrocarril Metropolitano de Valencia, segundo convenio entre o Estado e a Comunidade Valenciana. («BOE» 119, do 19-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxecto do crédito extraordinario é financia-la realización de obras de infraestrutura do Ferrocarril Metropolitano de Valencia, segundo o convenio entre o Estado e a Comunidade Valenciana.

O dito convenio recolle un conxunto de actuacións nas liñas 3, 4 e 5 da rede do Ferrocarril Metropolitano de Valencia. Estes investimentos considéranse idóneos para seren cofinanciados pola Administración xeral do Estado xa que melloran a integración das redes de ferrocarril metropolitano coas redes de arredores e potencian o transporte colectivo no ámbito urbano e na rexión metropolitana de Valencia.

No convenio establécense as achegas destinadas a financia-los investimentos de infraestrutura ferroviaria

na rede de transporte metropolitano de Valencia durante o seu período de vixencia, desde o 1 de xaneiro de 1998 ata o 31 de decembro do ano 2001. Así mesmo, regularízase o financiamento dos investimentos realizados pola Generalitat Valenciana no período 1994-1997.

En consecuencia, trátase de atende-las obrigas que, como achegas da Administración xeral do Estado, se deriven do mencionado convenio, para o que se tramita o presente crédito extraordinario, de acordo co dictame do Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédese un crédito extraordinario, por importe de 12.355.000.000 de pesetas á sección 32 «Entes territoriais», servizo 09 «Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais, Comunidade Valenciana», programa 513A «Infraestrutura do transporte ferroviario», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 75 «A comunidades autónomas», concepto 751 «A Generalitat Valenciana para a realización de obras de infraestructura do ferrocarril metropolitano, segundo convenio entre o Estado e a Comunidade Valenciana».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

11198 LEI 21/1999, do 18 de maio, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 3.455.924.700 pesetas, para atende-la insuficiencia de crédito na achega ó Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED), como consecuencia da decisión do Consello da Unión Europea do 19 de decembro de 1997, sobre contribucións dos Estados membros ó FED. («BOE» 119, do 19-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Fondo Europeo de Desenvolvemento, os créditos do cal proceden de contribucións específicas por parte dos Estados membros da Unión Europea, ten como prin-

cipal obxectivo distribuí-la axuda financeira prevista nos Convenios de Lomé para os países de África, Caribe e Pacífico (ACP). En concreto, actualmente está en vigor o IV convenio de Lomé modificado o 4 de novembro de 1995.

Estas contribucións dos estados membros destínanse ó financiamento dos gastos ordinarios do Fondo e á realización de transferencias ó Programa de Estabilización das Exportacións (STABEX) dos Estados ACP, co fin de remedia-los efectos da inestabilidade dos ingresos por exportacións nestes países.

O Consello da Unión Europea presentou ós Estados membros o documento 9815/97 FIN 291, do 23 de xullo de 1997, «Informacións financeiras sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento», que é utilizado anualmente para calcula-las achegas de España ó FED do exercicio seguinte.

Estas estimacións realizáronse baixo o suposto de que a ratificación do Acordo de modificación do IV Convenio de Lomé finalizaría en 1997, correspondéndolles ós estados membros aboa-las consecuencias financeiras da dita ratificación nese exercicio.

Sen embargo, a fins de 1997, a Comisión Europea viuse obrigada a varia-la súa estimación das contribucións para 1998; foi aprobada esta modificación polo Consello da Unión Europea na súa decisión do 19 de decembro de 1997.

Polo que respecta á contribución ó STABEX, esta quedaba condicionada á ratificación do Acordo de modificación do IV Convenio de Lomé, o que se produciu o 27 de abril de 1998 e entrou en vigor o pasado 1 de xuño.

En consecuencia, trátase de atende-las obrigas producidas como resultado das achegas dos estados membros da Unión Europea ó Fondo Europeo de Desenvolvemento, que resultou da Decisión do 19 de decembro de 1997, do Consello, para o que se tramita o presente crédito extraordinario, de acordo co dictame do Consello de Estado, logo do informe da Dirección xeral de orzamentos.

Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédese un crédito extraordinario, por importe de 3.455.924.700 pesetas á sección 34 «Relacións financeiras coa Unión Europea», servizo 01 «Dirección Xeral de Orzamentos, Relacións financeiras coa Unión Europea», programa 921B «Cooperación ó desenvolvemento no marco dos Convenios de Lomé», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 79 «Ó exterior», concepto 792 «Achega ó Fondo Europeo de Desenvolvemento (FED) do exercicio 1998».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ